



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Secretaría Xeral Técnica

galicia

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA NO DESENVOLVEMENTO DUN CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EDIFICIO ADMINISTRATIVO NA CIDADE DE OURENSE.

Á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, tal e como dispón o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndelle o exercicio das competencias e funcións no ámbito de xestión das infraestruturas administrativas.

Esta consellería ten previsto iniciar as actuacións para a construción dunha nova sede administrativa na cidade de Ourense, centralizadora de todas as dependencias administrativas diseminadas pola cidade.

Con carácter previo á licitación do procedemento para a contratación do servizo de redacción do proxecto para a construción dunha nova sede administrativa na cidade de Ourense, vaise proceder á convocatoria dun concurso de ideas con intervención de xurado, a nivel de anteproxecto, xa que este tipo de procedemento permite obter un maior número de propostas para unha avaliación máis completa das posibles solucións, estimulando a creatividade e dando a posibilidade ao sector de participar na idea.

Para o desenvolvemento do concurso de ideas contarase coa asistencia do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en adiante COAG) a través da súa área de concursos, pola súa condición de organismo representativo da profesión de Arquitectura e das súas relacións cos poderes públicos.

O obxecto do presente Convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, durante o desenvolvemento dun concurso de ideas, con intervención de xurado, para a redacción do anteproxecto, que sirva de base ao correspondente proxecto técnico, básico e de execución, incluído o estudo de seguridade e saúde, o estudo de xestión de residuos, a certificación enerxética e o proxecto de telecomunicacións das obras de construción da nova sede administrativa na cidade de Ourense.

Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Vicepresidencia primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo achegará ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a cantidade de DEZ MIL EUROS (10.000 €), destinados ao financiamento dos gastos derivados da execución do convenio.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Secretaría Xeral Técnica

galicia

A actividade financiarase co crédito consignado na aplicación orzamentaria 05.21.121A.632.0 (código de proxecto 2020 00006) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, aprobados pola Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

